

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE IGUALDADE, POLÍTICAS SOCIAIS, FAMILIA E RETO DEMOGRÁFICO CELEBRADA O DÍA 24 DE OUTUBRO DE 2025

PRESIDENTE: Dona Paula Bouzós Barros

VOGAIS:

Don Juan Pablo Castillo Amigo
Dona Luisa María Sánchez Méndez
Don Rafael Domínguez Artime
Don Jorge Cubela López
Don Ricardo Martínez Chantada
Dona María Pilar Ramallo Vázquez
Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
Don Jesús Vázquez Almuiña
Don Paco Ferreira González
Don Gregorio Luis Agís Gómez
Dona Digna Rosa Rivas Gómez
Don Gorka Gómez Díaz
Dona Nuria Rodríguez Rodríguez
Don Javier Iglesias Mougán
Dona María Manuela Rodríguez Pumar
Dona María Ortega Iñarrea

En Pontevedra, sendo a doce horas e quince minutos do día 24 de outubro de 2025, reúnense na Sala de Xuntas da Deputación de Pontevedra, baixo a Presidencia de Dona Paula Bouzós Barros, as señoras e señores deputados que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico

Actúa como Secretaria, Dona Ana Isabel Amoedo Garrido, coordinadora xeral do Centro Príncipe Felipe.

Aberta a Sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 19 DE SETEMBRO DE 2025 (Expediente 2025062654)

A comisión acorda prestar aprobación, por unanimidade, a acta da sesión extraordinaria celebrada o día 19 de setembro de 2025.

2. MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG RELATIVA Á REIVINDICACIÓN DO DÍA 25 DE NOVIEMBRE E Á NECESIDADE DE INCREMENTAR OS RECURSOS PÚBLICOS PARA FACER FRONTE Á VIOLENCIA MACHISTA (Expediente 2025069740)

O Grupo Provincial do BNG presentou o día 21 de outubro de 2025, co número de rexistro WEB2025072792, unha moción asinada pola deputada provincial do BNG, D^a. M^a Manuela Rodríguez Pumar, para o seu debate e votación no Pleno, co seguinte teor literal:



"O Grupo Provincial do BNG, ao abeiro do regulamento orgánico da Deputación Provincial, presenta para o seu debate en pleno a seguinte

Moción do BNG relativa á reivindicación do día 25 de novembro e á necesidade de incrementar os recursos públicos para facer fronte á violencia machista

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A violencia machista é unha realidade incuestionable, constitúe un problema de dereitos humanos e é o principal problema da vida das mulleres. Dado que o dereito a ser libres e vivir sen medo nin violencia ten que estar vixente todos os días do ano, é necesario que as institucións dediquen máis recursos contra a violencia machista estrutural inserida polo sistema patriarcal tanto no ámbito doméstico, como no social e institucional.

Ano tras ano, as cifras -con mulleres concretas detrás- son cada vez máis arrepiantes. Neste exercicio na Galiza padecemos os feminicidios de Josefa en O Bolo ou Maritza en A Coruña, pero tamén o de Marisol Costa en Campo Laemiro, morta supostamente pola súa parella, pero que aínda non consta como oficialmente como vítima de violencia machista.

E non só iso, na provincia de Pontevedra os datos do Ministerio do Interior sobre os malos tratos revelan que hai 1.920 mulleres (14 delas menores de idade) baixo o Sistema de Seguimento Integral nos Casos de Violencia de Xénero (VioGén), o que supón un incremento de case un 13% máis con respecto ao mesmo período do ano pasado, cando había 1.684 vítimas baixo protección.

Se estas as cifras resultan desalentadoras, tamén o é saber que a Fiscalía Xeral subliña que Pontevedra é a provincia máis lenta de todo o Estado en avaliar ás vítimas, con atrasos de ata 14 meses para emitir informes imprescindibles para fundamentar sentenzas. A provincia tampouco conta co necesario e prometido xulgado específico de violencia sobre a muller para a demarcación de Pontevedra.

Por outra banda, neste 2025 cúmplíronse 18 anos da Lei galega contra a violencia machista aprobada no 2007 despois dun intenso traballo de escoita social. Foi unha lei pioneira que contemplou a violencia contra as mulleres en todas as súas dimensións e identificándoa como consecuencia do patriarcado, ampliou o seu recoñecemento máis alá do ámbito da parella e deseñou medidas integrais de sensibilización, prevención, protección e apoio.

Desde entón, grazas á presión da mobilización feminista e ao esforzo de distintos colectivos, tamén do nacionalismo galego, houbo distintas melloras e puxéronse en marcha recursos importantes. Porén, non é suficiente, e o sistema de loita contra a violencia machista en Galiza sofre a desidia do Partido Popular no desenvolvemento do marco legal con recortes aplicados nos servizos públicos durante as crises económicas.

Aspectos recollidos na lei como garantir a atención psicolóxica na Atención Primaria non son hoxe unha realidade nunha sanidade pública en crise; as axudas económicas son aínda menores ás aprobadas hai case dúas décadas e non recollen o medre da carestía da vida; non existe unha axuda periódica que inclúa ás vítimas de violencia sexual; non se garante a formación especializada das e dos profesionais que traballan na cadea de atención á violencia machista; o ámbito xudicial segue arrastrando unha enorme revitimización; falta financiamento e persoal para os CIM e, en



ámbitos estratéxicos como o ensino público, non hai un verdadeiro plan de educación afectivo-sexual, elimínase a materia de igualdade e o Partido Popular intenta impoñer mecanismos de control ideolóxico para restar espazo ás iniciativas feministas de profesorado e estudantado.

Neste verán, ademais, coñecemos un informe demoledor do Consello de Contas no que se avalían as políticas públicas da Xunta en materia de violencia de xénero no período 2018-2022. Entre outras cuestións, este informe sinala que, malia a súa importancia, a o goberno galego só destina a prevención un 3% dos recursos. Ademais, sinala o recorte de persoal e a falta de construción dun sistema público e directo de atención ás vítimas, de maneira que o goberno galego foi descasando funcións que lle son propias nos concellos, sobrecargándoos, ou privatizando servizos.

Así, no período 2018-2022 os centros de acollida para vítimas de violencia son entidades municipais ou propiedade de entidades privadas; tan só o Centro de Emerxencias para Vítimas de Violencia de Xénero (CEMVI) é un centro propio. Da mesma maneira, tal e como denunciaron colectivos feministas, profesionais e o propio BNG, no ano 2024 a Xunta privatizou os centros de crise 24 horas para a atención da violencia sexual. Máis de nove meses despois da súa posta en marcha, a Xunta do PP segue ocultando a información sobre eles. Algo tan sensible como a atención á violencia sexual non pode depender de empresas multiservizo vinculadas ao Partido Popular, como Eulen ou OHL, e os graves incidentes coas pulseiras de control telemático no Estado tamén son unha alerta sobre as carencias de recursos que están en mans privadas.

Fronte aos feitos, nun contexto de avance e normalización das posicións negacionistas, especialmente na mocidade que incluso amosa posturas contra o feminismo, e que coinciden coa defensa ultraliberal do baleirado dos servizos públicos, urxe unha resposta que aposte por máis recursos e máis servizos públicos. Temos que denunciar de forma clara e directa que cuestionar a violencia machista é violencia machista e que privatizar e desmantelar os servizos públicos resta capacidade na loita pola igualdade e contra a violencia machista.

No caso da Deputación de Pontevedra, que nestes momentos está a elaborar o orzamento para 2026, revélase necesario incrementar os fondos destinados á área de Igualdade e reverter a redución progresiva que tiveron as contas provinciais en anteriores exercicios co fin de poñer en marcha programas e iniciativas, tanto propias como da man dos concellos, que poñan á Igualdade na axenda.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do BNG somete a debate esta moción e solicita da Corporación provincial a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Instar ao goberno da Deputación de Pontevedra a:

a) reforzar e potenciar a área de igualdade, revertendo a redución de orzamento da área de Igualdade de anos anteriores, de xeito que permita incrementar as políticas de promoción da igualdade e o desenvolvemento de iniciativas de loita contra a violencia machista.

b) denunciar o negacionismo da violencia machista como unha forma de violencia machista e reafirmar o seu compromiso co reforzo dos servizos públicos e o aumento dos recursos do sistema de protección e atención ás vítimas;



c) animar á cidadanía do conxunto dos concellos da provincia a secundar as mobilizacións do movemento feminista galego polo 25N.

2. Instar ao goberno da Xunta de Galiza a adoptar as seguintes medidas:

a) Atender as recomendacións e deficiencias sinaladas polo Consello de Contas no seu Informe de fiscalización das actuacións para a prevención integral da violencia de xénero na Comunidade Autónoma no período comprendido entre 2018 e 2022. Singularmente, pautar o incremento de persoal, o incremento do orzamento destinado a prevención e sensibilización, a planificación dos procesos de contratación e subvencións con publicidade e concorrência e a aprobación dun plan estratéxico específico para a loita contra a violencia machista.

b) Impulsar un novo marco regulamentario e orzamentario, incrementando a súa contribución, para os Centros de Información á Muller co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM's facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados, impulsar a fixación de rateos mínimos de persoal e favorecer a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM.

c) Devolver ao sistema público os centros de crise 24 horas para a atención de mulleres vítimas de violencia sexual e blindar a prestación deste servizo con cadros de persoal suficientes para garantir a atención presencial, así como aprobar, para a súa posta en marcha no ano 2026, unha axuda periódica específica para vítimas de violencia sexual.

3. Instar ao goberno do Estado á creación do xulgado específico de violencia sobre a muller en Pontevedra para garantir que todas as mulleres en situación de violencia teñan acceso a unha xustiza especializada e próxima, sen diferenzas territoriais, tal como foi recollido no acordo de investidura”.

Sometida a votación a devantida moción, obtívose o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: (2)** do grupo provincial do BNG.
- 2. Abstención (6),** do grupo provincial do PSdeG-PSOE.
- 3. En contra (9)** do grupo provincial do Partido Popular.

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico ditamina desfavorablemente a moción do Grupo Provincial do BNG relativa á reivindicación do día 25 de novembro e á necesidade de incrementar os recursos públicos para facer fronte á violencia machista, cos votos en contra das deputadas e deputados do Partido Popular, a abstención do grupo provincial do PSdeG-PSOE e os votos a favor do grupo provincial do BNG.



1. DAR CONTA DA CONCESIÓN DOS PREMIOS MULLERES NO FOCO 2025
(Expediente 2025054564)

Dende o Servizo de Igualdade elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da CONCESIÓN DOS Premios Mulleres no Foco 2025 , cuxo contido literal é o seguinte:

*"A Deputación de Pontevedra, atendendo a un dos seus principios reitores, a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, un ano mais, quere dar apoio ás mulleres galegas do sector audiovisual convocando a **quinta edición dos Premios Mulleres no foco**.*

Dada a invisibilidade que sofren as mulleres e súa menor presenza, especialmente nos postos relacionados coa toma de decisións e nos de maior prestixio social, dende a Deputación en colaboración coa Asociación de Mulleres Cineastas e de Medios Audiovisuais (CIMA), convoca por quinto ano, estes premios co fin de por en valor o traballo da muller no audiovisual galego, e mudar as cifras de infrarrepresentación actuais das profesionais do sector.

Unha vez emitidos os respectivos informes favorable de Secretaría Xeral e Intervención, segundo consta no expediente (Cód. Expediente 2025054564), aprobábanse pola Resolución presidencial núm. RP2025006765, de 12 de agosto de 2025, as bases que rexen a convocatoria da V Edición dos Premios #Mulleres no foco, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia Núm. 159, do 22 de agosto de 2025.

Trátase dunha convocatoria aberta para a recepción de candidaturas nas que se recoñecen a achega destacada de mulleres profesionais no audiovisual galego, preferentemente a través dunha obra realizada e presentada ou dun labor profesional especialmente salientable levado a cabo durante o ano 2024, ou tamén a súa traxectoria profesional consolidada.

As candidaturas os premios Mulleres no Foco, correspondentes o ano 2025, foron presentadas polas persoas que conformen o xurado dos premios ou polas entidades locais, culturais ou profesionais de ámbito galego que pola súa natureza, fins ou obxectivos estean relacionadas co sector audiovisual.

As premiadas nas pasadas edicións non puideron ser propostas para esta quinta edición.

O prazo de presentación das candidaturas rematou o 22 de setembro de 2025.

A contía total prevista para estes premios é de 15.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 25/250.2315.480.03, do vixente orzamento provincial. Concedéndose 3 premios con cadansúa dotación económica de 5.000€.

A esta convocatoria presentáronse un total de 20 candidaturas, das que só se admiten 17 dado que 3 candidaturas non compren coas bases da convocatoria



Relación das candidaturas admitidas á V Edición dos Premios Mulleres no Foco:

- ↪ BEATRIZ LEGERÉN LAGO
- ↪ INÉS COLMERO VILLANUEVA
- ↪ IRENE BASANTA PIN
- ↪ UXÍA CARIDE BLANCO
- ↪ ANDREA VÁZQUEZ GARCÍA
- ↪ SILVIA FUENTES MARQUE
- ↪ MABEL RIVERA TORRES
- ↪ LUCÍA ESTÉVEZ GONZÁLEZ
- ↪ LUCÍA VEIGA LÓPEZ
- ↪ DIANA GONÇALVES DOMINGUEZ
- ↪ ALICIA FRANCES FIGUEROA
- ↪ MARIA ROJA (MARIA RODRIGUEZ PIÑEIRO)
- ↪ CARMEN MÉNDEZ LAMAS
- ↪ ANXOS FAZÁNS ESTÉVEZ
- ↪ ÁNGELES HUERTA GONZÁLEZ
- ↪ SABELA IGLESIAS REVIEJO
- ↪ MAYKA (M^a CARMEN) BRAÑA ALONSO

De conformidade coa base cuarta da convocatoria, as premidas foron seleccionadas por un xurado, nomeado para tales efectos por Resolución Presidencial núm. 2025007700 e 2025007723 de data 23 e 24 de setembro de 2025, comporto por:

Presidenta:

- *Lucia Muradas Arcay, xefa do Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra*

Secretaría:

- *Marta Caldas Fariñas, adxunta a xefatura do Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra*

Vogais:

- *Maria del Carmen Baloiro Duro, xefa de sección de xestión do Servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra*
- *Emilio Baños Castro, en representación da Academia Galega do Audiovisual*
- *Romina Doce Blanco, en representación da Asociación Galega de Profesionais da Dirección e Realización (CREA)*
- *Elena García Román, en representación da Asociación de Mulleres Cineastas e de medios Audiovisuais (CIMA)*
- *Antía Vidal Salgado, en representación da Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG)*



- *Sara Varela Gondelle, en representación da Asociación Sindical de Guionistas (AGAG)*
- *Ana Estévez Lavandeira, en representación da Coordinadora Galega de Festivais (Proxecta)*
- *Paula Cons Varela, en representación de Asociación Galega de Produtoras Independentes (AGAPI)*

Resultando que o citado xurado reuniuse o 25 de setembro de 2025, na Nova Sala de Xuntas do Pazo Provincial da Deputación de Pontevedra, ás 16 horas e 30 minutos, co obxectivo de valorar as candidaturas e designar as premiadas desta convocatoria. Tras deliberación, as persoas integrantes do xurado acordan designar como as premiadas da V Edición dos Premios Mulleres no Foco, pola labor realizada, pola súa defensa dos dereitos das mulleres, a súa traxectoria e o compromiso pola igualdade, por mulleres feministas ademais dos traballos e proxectos realizados durante o ano 2024; as seguintes mulleres:

- *BEATRIZ LEGERÉN LAGO*
- *LUCÍA VEIGA LÓPEZ*
- *SILVIA FUENTES MARQUE*

De conformidade coa base novena da convocatoria, os premios foron entregados nun acto público, convocado para tal fin, o 17 de outubro de 2025, no auditorio da Sede Afundación en Pontevedra, coa finalidade de poñer en valor a traxectoria das premiadas e o papel destacado das mulleres no sector audiovisual”.

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

2. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos, a presidenta levanta a sesión, sendo ás doce e vinte minutos, do que eu, como secretaria, dou fe.

Asinada dixitalmente na data que figura na marxe.

